

Presentación:

Novos suxeitos e nova discursividade na poesía galega actual

Como noutros marcos xeoculturais, a interacción de novos espazos públicos de recepción e a aparición de renovadas dinámicas grupais de intervención configuraron nos últimos vinte anos para a poesía galega unha cartografía inédita. Asentou esta sobre a postulación de novos suxeitos poéticos, cada vez máis plurais e menos dóciles perante a marca do lirismo monolóxico asociado a un certo estado sentimental ou a unha indagación vivencial. Igualmente, esa cartografía para tempos novos formulou unha relación distinta coa tradición poética, en boa medida alternativa fronte ás prácticas de recepción institucionalizadas. En definitiva, con case todo o que até non hai moito se valorou como *o esperábel* do fenómeno poético, empezando pola individuación experiencial e pola caracterización estética (en canto suxeito de determinadas percepcións) do *eu* autoconstituído na voz que fala no poema. Afectaron igualmente os novos mapas da poesía que se le, se ve e se escoita ao mundo referenciado ou representado, ás linguaxes activadas e aos medios habilitados canda a produción / intervención poéticas.

Deu abranguido en consecuencia o campo da poesía actual prácticas comunicativas que se resisten ao catálogo do *experimental* no que de redutivo ou marxinal incorpore aínda esa clasificación que nalgún sentido soa nos oídos a epocal, como pertencente a un mundo de repertorios, identidades e usos que deixou de ser o noso.

Na poesía do momento seguen a ocupar un lugar de centralidade sobre todo institucional o discurso e o enunciador propiamente líricos, claro que si. Pero resulta evidente que ese lugar de privilexio está mal defendido e que os seus valedores confían cada vez menos no antigo monopolio. A oralidade, a intermedialidade, o foco interartes e un reparto descentrado dos papeis de quen protagoniza e quen observa incorporáronse a través da explosión de *per-*

formances e lecturas públicas de carácter simposíaco que se viviu nos anos noventa do pasado século. De maneira que na actualidade falar de poesía falada, de dialoxismo poético ou de instalacións sónicas perdeu en efecto o selo rupturista que noutra altura puideron incorporar estas etiquetas.

Nesta orde de cousas, non parecería esaxerado indicar que o público culturalmente adepto á poesía (quizais máis aínda en sistemas culturais das características do galego) asimilou a inespecificidade e a inestabilidade do que nalgún momento se identificou como “a palabra poética”. Nun plano teórico isto equivale a asumir dunha vez por todas a inecuación que une / separa, diferenciándoos, os conceptos de lírica e poesía. En realidade, iso mesmo é o que está detrás de rótulos como “poesía non lírica”, “polipoesía”, “exoesía” e outros varios que se consolidan en tanto lugares conceptuais na investigación actual sobre o fenómeno poético e que por suposto van alén dunha polarización máis ou menos cómoda entre o que representen en arte e en literatura a modernidade e a posmodernidade. En consecuencia, aquela inecuación que se menciona configura tamén un reto heurístico e metodolóxico nada trivial para localizarmos novas vías de exploración da poesía como práctica cultural.

16

O conxunto de artigos que aquí se reúne presenta, antes que un balance crítico ao uso, unha consideración global sobre tendencias da poesía galega dos últimos vinte anos vistas a partir dunha serie de liñas de forza. En concreto, as dinámicas individuais e de grupos lidas nun contexto á vez local e global, as correlacións entre as poéticas dominantes e as emerxentes, a representación do espazo realidade nas prácticas poéticas arestora operativas e os modos de incorporación do real e do testemuño ou argumentación do cotián e do non significativo no discurso poético.

As autoras dos artigos están vinculadas co Grupo Alea de Análise Poética. O GAAP fíxase como obxectivo prioritario dende a súa fundación formal en xaneiro de 2009 a dinamización dunha investigación colaborativa sobre materia poética e sobre os propios procedementos de análise metodolóxica e de selección e concreción heurística cando se fala de poesía. Trátase dunha tarefa entendida non estritamente en sentido académico senón tamén na dimensión participativa no campo literario-cultural, achegando a ese fin un discurso teórico e crítico plurívoco que se aspira a que vaia acompañado dun esforzo por documentar o curso da poesía contemporánea, cunha ollada especialmente atenta á que ten algunha clase de cometido e presenza na esfera pública e á

que representa algunha forma de emerxencia sociocultural en canto ás prácticas, os suxeitos ou os repertorios activados. O GAAP marca como campo básico de estudo a poesía galega sen desentenderse do fenómeno poético noutras coordenadas xeoculturais e lingüísticas en perspectiva non limitada ao comparatismo. Isto explica a participación dunha parte dos seus membros en redes internacionais como Poetics of Resistance (www.poeres.org) ou a incorporación a proxectos de investigación enfocados cara aos problemas específicos da poesía no mundo actual lido como escenario global de realidades culturais, económicas e políticas que tamén son locais. Un dos froitos deste labor, que axiña estará a disposición pública, é a base de datos poesiagalega.org, acollida no espazo web institucional do Consello da Cultura Galega.

É perceptíbel que unha parte deses propósitos e dese plan de actuación comparecen nestes estudos. Arredor por exemplo dunha reconsideración teórica sobre a pluralización das pautas de intervención e sobre o significado actual da resistencia cultural (modalidades, accións, variantes do discurso crítico, imaxinarios, escenarios, eficacia política e social) en tanto referente ideolóxico e discursivo da poesía. Asumiuse en efecto o interese de amosar a través da análise teórico-crítica un espazo de loitas e de reaxustes, anulador de calquera tentativa (teórica, historiográfica, institucional...) de homoxeneización ou de simplificación do campo literario-cultural. Un espazo, por tanto, cuestionador tamén dunha canonicidade estática, que en termos empíricos é a que nun momento dado queda incapacitada para activar ou trasladar modelos que se materialicen nas prácticas culturais en uso. Ese espazo de intervención e de oposición de modelos quíxose contrastar no panel mediante a atención a unha serie de axentes e tomas de posición: editoriais, coleccións, antoloxías, declaracións, agrupacións, traducións, premios, etc., comparecentes así mesmo, por certo, na interesante rolda de intervencións aberta dende o público tras darmos cabo ás catro exposicións.

Na proposta inicial, desenvolvida por Iris Cochón, trátase de repensar a polaridade poesía-mundo, observando a ampliación da noción de realidade incorporábel ao poema e tamén o que significa a entrada de repertores ligados á cultura de masas, ás formas de comunicación cotiá e, en definitiva, ao propio cuestionamento dos conceptos *literatura* e *poesía*, sobre todo se se limitar esta última a coordenadas estritamente líricas.

O contributo de María López Sánchez non abandona esta liña de reflexión e segue adscrito ao vector da representación, pero cunha delimitación ao

marco espacial da poesía: estúdase nel o modo no que o espazo representado, coa súa funcionalidade identitaria e simbólica, muda algunhas das súas opcións repertoriais específicas nos últimos decenios para reformular a comprensión das culturas rural e urbana.

Dende unha posición inicialmente historiográfica, a proposta conxunta de Montserrat Pena Presas e Dolores Vilavedra –reescrita pola primeira para este monográfico– constitúe unha ordenación dos gradientes poético-culturais a partir de Letras de Cal. As perspectivas sociolóxica e semiótico-ideolóxica permitiron constatar en que medida resultan inadecuados algúns dos esquematismos postulados para a poesía galega recente. E axudaron á vez na análise sobre o xeito no que se xestionan no campo literario as identidades individuais e de grupo.

Por último, a proposta de Iria Sobrino Freire afonda nas relacións que se establecen entre poesía e manifesto no discurso literario galego dos últimos decenios (por exemplo, entre o Colectivo Ronseltz e as Redes Escarlata), explorando os diferentes modos de concreción textual e performativa vehiculados: o manifesto poético, a poesía *manifestaria* e a adhesión do poético ao cívico a través da manifestación.

Arturo Casas

Universidade de Santiago de Compostela